

Protocolo seguro deportivo programa Xogade

Asegurados:

Persoas con idade comprendida entre os 6 e 16 anos (ambos inclusive), inscritas nas distintas actuacións do Programa Xogade:

- A actividade deportiva escolar (incluídos os programas puntuais como "Xogando coa auga e co vento", "Xogando co atletismo", "Multixogo 6 a 8", "Actividades de promoción"...)
- A actividade federada das federacións adheridas.

Deberán ter cumpridos os 6 anos e perderán a condición de asegurados unha vez cumpridos os 17 anos, con independencia da vixencia da póliza, da vixencia da súa licenza ou da actividade practicada.

Ámbito da cobertura:

- Actividade deportiva escolar:
Terán cobertura as actividades de Xogade publicadas e os adestramentos supervisados durante o calendario escolar.
- Actividade federada:
Terán cobertura os adestramentos supervisados por persoal cualificado e as competicións oficiais organizadas durante a vixencia da licenza federativa do deportista e que formen parte dos calendarios de actividade da federación correspondente.

Como proceder en caso de accidente deportivo?

No caso de precisar asistencia médica derivada dun accidente deportivo, en función do nivel de urxencia procederase do seguinte xeito:

Urxencia vital (aquela que implica risco de morte ou secuela funcional grave para o doente en caso de non recibir atención médica inmediata):

Acudir ao servizo de Urxencia máis próximo e comunicar o sinistro nun prazo de 24 horas.

Urxencia non vital:

1. Comunicación de accidente:

Deberán comunicar o accidente **antes de acudir** a ningún centro por unha destas dúas vías:



Teléfono de asistencia: 881 850 087 – Tras facilitar á Xestora Médica os datos do lesionado e circunstancias do accidente, indicaraselle o centro médico ao que acudir para recibir a primeira atención médica.



Vía telemática a través da plataforma: <https://partesxogade.es> tras a recepción da comunicación de sinistro, recibirá unha confirmación de apertura. Un tramitador de Gerosalud contactará telefonicamente á maior brevidade para indicarlle o centro médico ao que acudir.

2. Continuidade asistencial:

Tras a primeira asistencia será necesario cumprir os seguintes requisitos:



Que a entidade que inscribiu ao deportista **certifique o accidente** na plataforma de Xogade (<https://inscripcion-xogade.xunta.gal>). O prazo para dito trámite é de **7 días**.



Que os titores legais **autoricen a xestión de datos** do menor a través dunha mensaxe que recibirán no seu teléfono móbil.



Que se **envíen os informes médicos** nos que conste a prescripción de tratamento, rehabilitación, probas diagnósticas, cirurxía/ingreso hospitalario, etc. O lesionado ten á súa disposición o correo xogade@gerosalud.es e o portal <https://partesxogade.es>

Calquera acto médico, a excepción da urxencia vital, deberá contar coa autorización previa e deberá realizarse nos centros adheridos ao cadro médico.

A práctica deportiva en situación de baixa médica, será motivo de interrupción do proceso asistencial.

• Cobertura odontolóxica:

Será necesaria a comunicación e certificación do accidente.

Para a avaliación da cobertura, requirirase un informe odontolóxico.

A asistencia poderá tramitarse ata o límite de cobertura (250 euros) ou o 50% se o importe é superior a 600 euros.

• Adquisición de material ortopédico:

No caso de ser necesaria a adquisición de material ortopédico para a curación dun accidente ou lesión deportiva, e sempre que o prescriba un facultativo do cadro médico da compañía, cubrirase o 70% do seu custo.

Será preciso achegar a factura, acreditación do pago da mesma e certificado de titularidade da conta bancaria na que se quere recibir o ingreso.

• Asistencia no estranxeiro:

As saídas ao estranxeiro deberán ser comunicadas con **7 días de antelación** no correo electrónico **deporte.escolar@xunta.gal** mediante o formulario específico que se pode descargar na páxina web e na aplicación de Xogade.

En caso de producirse unha lesión en Portugal, deberase contactar telefonicamente **(0034881850087)** para a asignación de centro médico (salvo urxencia vital).

No resto de países, a cobertura realizarase por reembolso ata a contía máxima de 6.000€.

Para xestionar unha solicitude de reembolso ou para continuar coa asistencia en Galicia deberase comunicar o sinistro e aplicarase o mesmo procedemento descrito para a tramitación na Comunidade Autónoma de Galicia.

Contacto para dúbidas, seguimento, queixas:



881 850 087



xogade@gerosalud.es



<https://partesxogade.es>

Para reclamacións formais poderán remitilas á aseguradora SURNE (**asistencia@surne.es**)

29.5.2025

SEGURO DE ACCIDENTE DEPORTIVO – XOGADE

O día 29 de maio entra en vigor o novo contrato da Póliza de Xogade para o Seguro de Accidente Deportivo.

A empresa adxudicataria é a mesma do contrato anterior polo que, polo de agora, non haberá ningún cambio no protocolo de actuación ante un accidente (achégase o actual).

Porén seguimos insistindo na **importancia do cumprimento do protocolo e da súa difusión entre técnicos, familias e deportistas**.

Informamos que estamos tendo numerosas incidencias que son causa de rexeitamento de atención por parte da aseguradora e incluso que derivan en facturación ás familias do gasto ocasionado. Entre elas destacamos:

- comunicar os accidentes despois dos 7 días de prazo
- acudir a centros sen autorización da aseguradora
- ir a centros non concertados

Para evitar consecuencias indesexadas, **recomendamos ler a información da cobertura do seguro XOGADE que é pública na web <https://xogade.xunta.gal/> , agradecemos as entidades que entreguen os carnés de Xogade para que se cumpra o marcado:**

1

COMUNICAR
7 días

Teléfono 881 85 00 87
Plataforma <https://partesxogade.es>

2

RECIBIRÁN CHAMADA

para indicar centro médico.
ACUDIR ao centro médico indicado.

3

Os representantes legais ENVIARÁN

a autorización de xestión de datos e os informes médicos á aseguradora (tamén alta) ao correo (xogade@gerosalud.es) ou á plataforma

!

CERTIFICAR.

A entidade ten 7 días para certificar en:
<https://inscripcion-xogade.xunta.gal>

Respecto ao novo contrato, destacar que hai certos cambios no Prego de Prescricións Técnicas que desexamos dar a coñecer xa que, aínda que o espírito, é o mesmo que se viña aplicando, si que se aclaran puntos de conflito detectados estes anos previos.

Os cambios máis destacados no actual Prego do seguro de Xogade resúmense en:

1.- **Non son obxecto de cobertura** os técnicos, árbitros, xuíces ou adestradores actuando como tales, independentemente da idade destes.

2.- **Accidentes no estranxeiro:**

- **Comunicación previa:** para os desprazamentos internacionais a compañía aseguradora poderá esixir unha comunicación previa, en prazo non superior a 21 días nin inferior a 5 días hábiles, coa indicación de destino, evento, duración e participantes. Para elo o adxudicatario deberá dispoñer dun sistema telemático de comunicación de desprazamentos ou, como mínimo, un enderezo electrónico específico para este contrato, comprometéndose a acusar recibido en 48 horas laborables desde a comunicación do desprazamento por parte da SXD ou en todo caso previo a celebración do evento.
De non realizarse tal acuse de recibo polo asegurador, ou facelo con posterioridade ás citadas 48 horas desde a comunicación do desprazamento, o asegurador non poderá realizar oposición algunha nin ao desprazamento nin á cobertura do seguro.
- **Importe:** auméntase o importe máximo da asistencia médico-cirúrxica, farmacéutica e sanatorial en accidentes ocorridos no estranxeiro, ata un límite, por todos os conceptos, de 24.000 euros.

3.- **Os pagos** da aseguradora, tanto nas axudas á adquisición de **material ortopédico** como nas **asistencias odonto-estamotolóxica**, realizaranse **no prazo de 20 días laborables** desde a entrega da documentación correcta por parte das familias.

4.- Aumentan as especificacións do punto VI. **RISCOS EXCLUÍDOS**, para maior claridade das coberturas **sendo novos os puntos 2 a 7 e 16**. Este último é moi importante xa que fala do **uso da ambulancia para lesións non graves e urxentes**.

VI. RISCOS EXCLUÍDOS

As exclusións que, con carácter máximo se aplicarán á póliza que se emita serán as seguintes e con esta mesma redacción e serán aplicables para todas as coberturas da póliza:

VI.1. Cando o accidente quede fóra do ámbito de cobertura do seguro.

VI.2. Todo material prescrito en servizos alleos á compañía aseguradora que non fose autorizado previa ou posteriormente polo asegurador.

VI.3. O material ortésico prescrito para a prevención de accidentes.

VI.4. O material prescrito por enfermidades ou para corrección de vicios ou deformidades anatómicas.

VI.5. As enfermidades ou patoloxías crónicas derivadas da práctica habitual do deporte, por microtraumatismos repetidos, tales como tendinites e bursites crónicas, artrose ou artrite, hernias de disco, e en xeral calquera patoloxía dexenerativa ou preexistente.

Para que o asegurador poida denegar esta causa a mesma deberá esta avalada por informe médico que determine a cronicidade e o xustifique.

VI.6. Os gastos derivados da rehabilitación nos casos seguintes:

- Os gastos derivados de rehabilitación por doenzas ergonómicas ou de hixiene postural.
- Os gastos por tratamentos de alxias inespecíficas.
- Os gastos das masaxes relaxantes e antiestrés.
- Os gastos por lesións e vicios posturais propios do crecemento.
- Os gastos por enfermidades crónicas músculo-tendinosas, reumáticas e dexenerativas.

· Os gastos derivados de rehabilitación a domicilio e en piscina salvo que previa autorización da aseguradora e prescripción médica se determine a súa pertinencia.

VI.7. Os gastos derivados das probas diagnósticas, diferenciais ou de descarte así como probas experimentais.

VI.8. Os sinistros provocados intencionadamente por calquera persoa asegurada, o suicidio ou calquera lesión autoinfrinxida.

VI.9. Cando se produza en estados atípicos (drogadición, alcoholismo, perturbación mental, etc.). Para os efectos do contrato enténdese por alcoholismo cando a taxa de alcol en sangue supere os límites legais permitidos para a condución de vehículos a motor para non profesionais.

VI.10. Cando medie imprudencia ou neglixencia por inobservancia das normas legais deportivas.

VI.11. A participación do asegurado en actos delituosos.

VI.12. A práctica como profesional de calquera deporte. A estes efectos enténdese como práctica profesional dun deporte a práctica individual ou colectiva baixo a organización e supervisión dunha federación deportiva, organismo ou club que constitúe, para a persoa que realiza ese deporte, o seu medio de vida.

VI.13. Os ocorridos como consecuencia de guerra civil ou internacional.

VI.14. As consecuencias da reacción ou radiación nuclear ou contaminación radioactiva.

VI.15. As lesións ocasionadas pola práctica deportiva durante o período de baixa por lesión, desde a primeira asistencia ata a alta médica que permita a práctica deportiva.

VI.16. A utilización do servizo de ambulancia no suposto de lesión non grave e/ou urxente.

5.- Na definición de accidente aclárase que este debe ser durante a práctica deportiva.

6.- Matízase que cando se abre un expediente e durante a atención deste se detecta que a causa non está directamente relacionada coa práctica deportiva cesará a prestación sanitaria.

Agradecemos e insistimos na **lectura pausada e na difusión da póliza** onde se especifican as coberturas con todo detalle. Se teñen dúbidas poden consultárnolas.